

A Idade Media en Galicia

2.A Idade Media en Galicia

- Durante a Idade Media, Galicia é testemuña de
 - As incursións musulmás
 - As presións dos novos reinos cristiáns
- Neste contexto, as loitas señoriais cobran cada vez máis importancia



2.- A Idade Media en Galicia

- A **invasión musulmá** ten moi pouca presenza directa en Galicia
 - Chegan a Lugo no 714
 - Retíranse cedo do territorio situado ao norte do Miño
- A mediados do século VIII estas terras incorpóranse ao Reino de Asturias
 - Convértense na maior base territorial e demográfica deste nacente reino cristián
 - A ela chegan moitos nobres godos, que foxen do novo poder islámico
 - Durante o reinado de Afonso I a xurisdición dos monarcas ástures sobre a actual Galicia é plena

Incorporación de Galicia na monarquía asturleonese

- 714-753: Presenza andalusí
- Segunda metade do século VIII:
 - Resistencia á conquista dos reis astures
- Primeira metade do século IX:
 - Integración progresiva da Galicia norte (Lugo e Iria Flavia) na monarquía astur
- Segunda metade do século IX:
 - Integración progresiva da Galicia sur (Ourense e Tui) e do norte de Portugal
- Século X:
 - Fases intermitentes de independencia do reino de Galicia: Ordoño (910-914), Sancho Ordóñez (926-931)
 - Goberno autónomo do reino de Galicia
 - Concesión de condados: territorio gobernado por un conde: nobre vitalicio que exerce a autoridade no nome do rei pero con escasa dependencia del
 - Cesión de terras a mosteiros e bispados para a súa explotación e administración

2.1. O nacemento dunha nova sociedade


(1)

- Nos séculos IX e X alteráronse profundamente as estruturas sociais e políticas
- No campo nacen unhas novas relacións sociais e económicas baseadas no **réxime señorial**
 - Transforman tamén os modos de ocupación do territorio e os da produción agraria
 - Xeneralízanse as **vilas** como tipo básico de asentamento concentrado
 - As vilas, xunto coas aldeas, eran a grande unidade de explotación agraria
 - Eran propiedade dun señor que a dirixía directamente ou por medio dun administrador chamado villicus
 - O traballo da terra correspondía a domésticos e servos
 - Ás veces dependían das vilas núcleos menores, os vilares ou casais
- A consolidación deste sistema configurou unha **estrutura social con dúas clases principais**
 - A **nobreza propietaria**, encabezada polos condes, bispos e abades
 - A numerosa **masa de campesiños**
- Produciuse ademais unha concentración crecente da propiedade da terra e de toda a riqueza nas mans da nobreza por diferentes vías:
 - Moitos campesiños libres foron “encomendándose” a un señor ao que lle entregaban as súas terras a cambio de protección
 - Outros perdíanas por non poderen pagar as débedas
 - A outros simplemente llas confiscaban os poderosos mediante multas ou coaccións
- Un exemplo desta acumulación de riqueza e poder é o conde de Présaras, que ten 133 vilas en toda Galicia

2.1. O nacemento dunha nova sociedade

(2)

- Nace así a sociedade feudal
 - A sociedade e a política articulábanse nunha pirámide de relacións de dependencia persoal, baseada na contraprestación de protección ou axuda a cambio de bens
 - Os nobres exercían o poder político en nome do rei nunha comarca ou localidade concreta
 - Debían prometerlle fidelidade e axuda militar en caso necesario
 - Teoricamente, o poder político desta nobreza era só unha delegación do rei que podía retirala en calquera momento
 - Pero na realidade ese poder era autónomo dabondo
- De aí que os reis ástur-leoneses procurasen manter boas relacións coa nobreza galega facéndolle agasallos e concesións
 - Ben en forma da atribución do título de comes para gobernar un condado
 - Ben autorizando a apropiación de terras e de lugares para repoboalos e poñelos en produción
 - Desta política beneficiáronse especialmente os mosteiros, dirixidos por abades de condición nobre
- Con todo, entre os séculos VIII e XI son moitas as rebelións de señores galegos contra os monarcas
 - Para algúns é síntoma de certa vontade de formar un reino propio



Orixe e evolución do Reino de Galicia



Restos da fortaleza defensiva de Catoira fronte a normandos e sarracenos, século IX.





Miniatura dun manuscrito do século XIII no que aparece Ordoño II, rei de Galicia.

2.2. O apoxeo medieval: o desenvolvemento económico

- Entre os séculos XI ao XIII Galicia participa plenamente do desenvolvemento que en todos os eidos experimenta Europa occidental.
 - **Crecedemento demográfico**
 - **Aumento da produción agraria**, salientando o papel primordial dos mosteiros beneditinos e cistercenses favorecidos pola protección rexia
- A partir do século XIII a servidume vaille deixando paso ao **foro**:
 - É unha forma de cesión da terra a longo prazo na que os grandes propietarios reciben das familias campeciñas unha renda fixa ou proporcional
 - Vai ser durante seis séculos o principal elemento articulador da sociedade rural galega
- O estímulo das **peregrinacións xacobeas** provoca:
 - Un renacemento urbano: Santiago de Compostela convértese nunha das principais cidades europeas
 - A creación dun eixe modernizador, o Camiño francés, que comunica con Europa
- Tamén desenvólvese a pesca marítima,
 - Vese favorecida pola recuperación da seguridade da navegación nos mares logo da retirada de normandos e musulmáns das costas galegas
 - Como consecuencia disto **florece o comercio marítimo atlántico**
 - Isto propicia o nacemento de moitas vilas costeiras entre A Guarda e Ribadeo

OS GRANDES MOSTEIROS DA GALICIA MEDIEVAL





O aumento da poboación provocou o desenvolvemento da agricultura e a ampliación das terras de cultivo. Gravado da época.



Pintura mural da igrexa de Santo Isidoro de León na que se representa a poda de viñedos, século XII.



Escena de pesca que aparece nas *Cantigas de Santa María*, cancionero galaico-portugués do século XIII.



O Camiño de Santiago.

O C É A N O A T L A N T I C O

Santiago de Compostela

Arzúa

Melide

Palas de Rei

Portomarin

Sarria

Triacastela

O Cebreiro

— percorrido do Camiño de Santiago en Galicia


● localidades máis importantes


O Camiño de Santiago en Galicia.



Desenvolvimento urbano de Galicia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA A MEDIADOS DO SÉCULO XII





**cabaza
para a
auga**

**cuncha, símbolo
da peregrinación
xacobeá**

**sombreiro
para o sol**

**bornal para
a comida**

**esclavina para
o frío e a chuvia**

**bordón para
apoiarse ao andar
e protexerse dos
animais**

Peregrino.

torres occidentais: a torre setentrional tiña menos altura que a meridional. Non se igualaron ata o século XVII

Portada Norte ou Francixena: por onde entraban os peregrinos

ciborio

Pórtico da Gloria

cruceiro

transepto

ábsida


tribuna

Fachada de Praterías: daba acceso á cidade

absidiolas

coroa, carola ou deambulatorio

A Catedral de Santiago.





Altar portátil de pórfiro verde, cara ao ano 1105. Museo da catedral de Ourense.

2.2. O apoxeo medieval: a evolución política

- A fase expansiva acelérase no primeiro terzo do século XII co bispo **Diego Xelmírez**
 - Consegue para Santiago o rango de sé arcebispal
 - Promove moitas obras, incluído o remate da Catedral románica de Santiago
 - É un dos persoeiros máis influíntes da época
- Os progresos económicos traen tamén a aparición de novos **conflictos sociais** co enfrontamento da burguesía e os señores eclesiásticos
- Reino de Galicia independente:
 - Ordoño: 910-914
 - Sancho Ordoñez: 926-929
 - Bermudo: 982
 - García: 1065-1071
 - Afonso Raimúndez: 1109-1126
- En 1230 o reino de Galicia intégrase na Coroa de Castela.
- O condado de Portucale convértese en reino en 1128

2.3. As guerras irmandiñas

- Nas cinco cidades de señorío eclesiástico (Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui), os veciños queren
 - Acabar co poder dos bispos
 - Poñérense baixo a dependencia directa do rei, como na Coruña e Betanzos
 - Para xestionaren autonomamente os seus concellos
- Con tal fin forman **irmandades**: asociacións cidadás de burgueses para defender os seus intereses.
 - Ás veces protagonizan revoltas violentas:
 - Salienta a de María Castaña en Lugo, na que o bispo perde a vida
 - A de Ourense de 1419

2.3. As guerras irmandiñas

- No reino de Galicia, as dificultades vividas durante o século XIV provocaron unha diminución das rendas dos nobres.
- Para compensar esta perda de ingresos, actuaron con violencia
 - Usurpando bens,
 - Impoñendo protección aos mosteiros e igrexas
 - Esixindo novas taxas e tributos á poboación.
- Ao mesmo tempo, enfrontáronse entre eles e realizaron numerosas expedicións de saqueo, refuxiándose logo nas súas fortalezas.
- Os reis permitiron a formación de irmandades (asociacións de persoas, grupos ou concellos ligados por un xuramento de fraternidade e de axuda mutua) para defender os dereitos e liberdades e opoñerse os abusos, violencias e arbitrariedades dos poderosos nobres e bispos.
- A acumulación das tensións no campo e nas cidades desembocou nas dúas guerras ou revoltas irmandiñas,
 - Foron os movementos ou conflitos nos que os campesiños e os habitantes das cidades formaron unha irmandade coa que pretendían eliminar a violencia dos señores e os abusos que estaban impoñendo.

2.3. As guerras irmandiñas

- A acumulación das tensións no campo e nas cidades desemboca nas dúas guerras irmandiñas:
- A **Primeira Guerra Irmandiña**
 - Protagonízase en 1431 unha irmandade chamada **A fusquenlla**, dirixida polo fidalgo coruñés **Roi Xordo**,
 - Levántase en 1431 nas bisbarras de Pontedeume e Betanzos contra os malos tratos que aturan os vasallos de Nuño Pérez de Andrade o Malo
 - Aínda que chega a afectar aos bispados de Lugo e Mondoñedo, as tropas de Andrade, do rei e do arcebispo de Santiago esmagan a revolta



Torre da Homenaxe do castelo da familia Andrade en Pontedeume (A Coruña). Nuno Freire de Andrade foi alcumado o Mao pola crueldade coa que trataba os seus vasalos.

2.3. As guerras irmandiñas

- A **Segunda Guerra Irmandiña** (1467-69) ten máis entidade:
 - Afecta a case toda Galicia
 - Ten un carácter de guerra civil na que se ven envoltos a meirande parte dos grupos sociais
- Os irmandiños organízanse na **Santa Irmandade Xeral**
 - Contan co apoio de varias cidades e vilas
 - Os seus 80.000 irmáns están abandeirados por Alonso de Lanzós
 - Son campesiños, burgueses e fidalgos
 - Destrúen máis de cen castelos e fortalezas nobiliarias
 - Poñen en serio perigo o sistema establecido pois queren acabar co feudalismo
- Moitos nobres foxen de Galicia
 - Concertan cos reis de Castela e Portugal a reacción para combateren este conato de revolución
 - Os Irmandiños son derrotados polo exército de Pedro Madruga e do Mariscal Pardo de Cella na batalla de Cacheira, preto de Santiago
 - Moitos campesiños son castigados a reconstruír as fortalezas que destruíran

2.3. As guerras irmandiñas

- Á derrota dos irmandiños contribuíu
 - A superioridade dos exércitos nobiliarios,
 - Os diferentes intereses dos grupos que se xuntaron na irmandade,
 - A violencia dos campesiños e os seus intentos de transformación da sociedade.
- Clérigos e fidalgos, que inicialmente apoiaron a revolta,
 - Temerosos de perder a súa posición na sociedade,
 - Chegaron a un acordo cos cabaleiros, abandonando a irmandade a cambio de que lles respectasen a vida e os bens.



Ruínas da torre de Caldaloba, Cospeito (Lugo). Propiedade do Mariscal Pardo de Cela, foi un dos últimos redutos dos defensores dun reino de Galicia independente.



Claustro dos bispos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (Ourense). Nos séculos XIV e XV a decadencia chegou tamén aos mosteiros; os abades eran nomeados por un rei ou por un nobre e en moitos casos vivían fóra do mosteiro aínda que administraban as súas riquezas.